



Agosto 2021

Benqueridas familias:

O vindeiro curso o servizo de comedor seguirá levándose a cabo implementando todos os cambios e medidas necesarias marcadas polo protocolo da Xunta. A hora de recollida do noso alumnado será ás 15:00 h., 15:30 h. ou 16:00 h.

En setembro informaremosvos das actividades extraescolares que, a partir de outubro, vos ofertaremos se a situación sanitaria o permite.

Para facermos unha planificación real do comedor, tendo en conta a distancia de seguridade que deben gardar nas mesas os nenos e as nenas, precisamos saber antes do venres 3 de setembro cantos empregaredes este servizo de forma habitual.

Por outro lado, no servizo de madrugadores seguirán aplicándose as medidas correspondentes polo que o aforo permitido será de 20 prazas até as 8:00 h. A partir desa hora o aforo será maior xa que pasarán ao salón de actos. Lembrámosvos que utilizarán máscara independentemente das súas idades.

Para solicitar ditos servizos enviade un correo a secretaria@ciamariaferrol.org indicando nome e curso do alumno ou da alumna, data de comezo, hora de recollida e a solicitude de asistencia ao comedor, ou chamade por teléfono a partir do 23 de agosto.

Un saúdo

A dirección

